

Teatrovida

Nekane Fernández é psicóloga, directora teatral, actriz, investigadora e formadora do apaixonante mundo das Artes Escénico-Teatrais. Licenciouse en Psicoloxía no 1993, máis tarde fórmase en interpretación e clown con mestres como Jhon Write, Eric de Bont, Leo Bassi, Jacques Nichet entre outros. Doutórase en "Teatro, Expresión corporal e Sociedade" en A Coruña e realiza a súa tese doutoral sobre Arquetipos teatrais.

Ensina teatro a nenos durante 10 anos. É actriz, das que se sente máis cómoda co público diante, tal e como amosou en montaxes teatrais como "Caperucitoloxía", non sendo esta preferencia un impedimento para desfrutar da experiencia como actriz noutros eidos tales coma o seu traballo no telefilme "Entre Bateas" de Jorge Coira ou a serie de tv: "Rías Baixas". Gústalle a dirección, leva anos dirixindo obras a nenos, adolescentes, e proxectos teatrais coma a coodirección de "Caperucitoloxía". Imparte formación de interpretación, relaxación creativa e clown, dende o ano 1997 a todo tipo de colectivos, e unha das súas paixóns é investigar sobre esta Arte de transmitir o invisible.

¿Qué motivou o teu interesase polo mundo teatral xunto co da psicoloxía?

O de estudar psicoloxía sempre o tiven claro. Repetín COU con dúas asignaturas, e pasei un ano sabático na procura de algo que me faltaba, algo que aínda descoñecía. Foi entón que me chamou a atención un cartel pegado nunha rúa da Coruña. No cartel figuraba unha marioneta de fíos e decía: TEATRO E EXPRESIÓN CORPORAL. Danthea: Escola de expresión Rítmica e Dramática. Tiña 18 anos e na miña vida pensara en adicarme ó Teatro nin nada polo estilo. Alí me presentei, coñecín ó meu primer Mestre Carlos Clemente con quen aprendería durante tres interesantísimos anos. Recordo a Carlos falando de Peter Brook, Meyerhold, de bionerxética. Era moi tímida, aínda o son, e alí descubrín un xeito de expresar cousas que nin podería imaxinar que levaba dentro. Logo empecei a carreira e xa foron eses dous camiños moito tempo paralelos. Hoxe son un.

Interesante maridaxe psicoloxía-teatro, ¿poderíasnos explicar cómo é esta "Arte de transmitir o invisible"?

As veces elixo palabras que me evocan cousas aínda que non as teña moi analizadas. Non é doada a pregunta, penso que calquera arte é un intento de facer eso mesmo, transmitir o invisible, o esencial, o arquetípico. No caso do Teatro faise a través dos actores, das persoas. É a persoa o que sempre me interesou, esta é a intersección entre as dúas disciplinas, onde me gusta situarme. Teño a impresión de que o desexo de mellorar como persoa e tamén como actor-actriz acaba sempre na profundidade dun mesmo. Creo que todo está dentro de nos. Logo, claro, están as diferentes técnicas.

¿É desta interese pola "persoa" de onde naceu a tese sobre arquetipos teatrais?

Supoño que é o que me guía. A miña investigación xurde dun traballo que fixen cun mestre inglés Jhon Writh, que me resultou realmente útil para interpretar. É unha estratexia que implica corpo e mente (frase+xesto físico) e que te conecta con certos arquetipos que sendo universais residen en todos nos, ahí, no imaxinario colectivo. De tal xeito que si conectas co heroi aínda que sexa o heroi arquetípico o expresarás dun xeito persoal e único dependendo das tuas peculiaridades. É un traballo moi intuitivo.

Máis tarde entrei nunha liña máis da "persoa" que se achega a teatro-terapia, no sentido que me fai preguntarme ¿que arquetipo ou arquetipos estou desenvolvendo, ¿os que decidín eu? ¿Os que agardan de min os demais? ¿Cal me gustaría a partir de agora desenvolver? Pode que unha muller descubra que o seu arquetipo é unha Diana Cazadora, independente e activa e sin embargo estea xogando na vida



Helena Ayare Guisán

o da vítima ou algún máis pasivo. Ó descubri-lo podese empezar a cambiar. Penso que este traballo pode axudar a que as persoas reflexionen sobre quen están sendo e quen lles gustaría ser.

Qué interesante, ¿sería algo así como una longa viaxe de descubrimento persoal para acadar o tan beneficioso aliñamento entre o que "queremos, sentimos, facemos-xogamos, conseguimos, somos"?

No fondo o que me parece importante é chegar a descubrir iso que traemos a este mundo para desenvolver, non sei se chamarlle don, talento ou propósito. Cando traballo con nenos gústame decir-lles que cada un deles ten algo único, un tesouro, algo que so eles poden facer así, e é a súa tarefa ó descubri-lo. Porque cando o descubres estás en paz. Esta é para min a verdadeira viaxe. Os arquetipos permiten poñer voz a diferentes partes do corpo, onde se gardan distintos recordos, e segredos. Imaxina darlle voz à tua parte mai, ou ao teu heroi ou à tua parte poética ou inocente. Pode que descubras algo que che faga recordar porqué estás aquí.

Parécese unha formación-viaxe moi potente, e o que dís faime recordar unha cita de Buckminster Fuller que dí: "Tódolos nenos nacen sendo xenios; con rapidez, sen darse conta, 9.999 de cada 10.000 son desposeídos da súa condición de xenios polos adultos", de tomala como certa ¿qué diferencia atopas segundo a túa experiencia entre impartir a formación a nenos e a adultos?

Eu tendo a pensar polo que observo nos nenos que nacemos cunha sabedoría que logo esquecemos. Esta sabedoría que ten que ver coa inocencia, a apertura ante o mundo e a falta de prexuícios, a mente despexada, e o vivir no presente. Esta é a diferenza que atopo nos nenos con respecto ós adultos, de feito nas clases con adultos é o que buscamos precisamente recuperar.

A propósito de citas: Esta é dun conto... de Tistou o conto de Maurice Druon:

"Se fomos postos no mundo simplemente para convertirmos en adultos, dice, as nosas cabezas a medida que crecen en tamaño, poderán absorber facilmente ideas, que foron concebidas hai moito tempo, atópanse nos libros. Polo tanto, se lemos ou se escoitamos atentamente a personas que leron moito, podemos en pouco tempo convertirmos como os demais..."

...pero se fomos enviados ó mundo cunha misión especial, si se nos encargou algunha tarefa individual as cousas no son tan simples..."

¿A quén recomendarías formarse nestas poderosas Técnicas da Interpretación, Relaxación Creativa, Clown e Arquetipos?

A calquera persoa que busque divertirse, perder un pouco a seriedade, expandirse e explorar en sí mesmo. No caso dos actores aqueles que busquen refrescarse e probar outras ferramentas. Son camiños, xa digo, para explorar, para xogar.

¿Cáles consideras as principais vantaxes de acudir a este tipo de formación?

Oxe unha alumna dixo na primeira clase de teatro de este curso: "busco un sitio onde facer o tonto e que non me xulguen". Isto fáleme dunha das cousas que a xente necesita.

Fago o meu traballo con cariño e tento facilitar que as persoas se enriquezcan consigo mesmas, tanto para a vida como para a interpretación. Polo demais o traballo o fan eles e os beneficios dependen tamén do compromiso e como xa dixo Platón: "Pódense descubrir máis cousas dunha persoa nunha hora de xogo que nun ano de conversación"

HAGA QUE TODOS LO VEAN!

ahora sus ANUNCIOS destacarán más!
LLÁMENOS. ENCÁRGUENOS SU PUBLICIDAD EN PRENSA, RADIO
IMPRESA, IMAGEN CORPORATIVA, CARTELERÍA, VALLAS...

EMIM comunicación ☎ 981 67 82 52